

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESULTADOS DEFINITIVOS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE ADMINISTRATIVO/A ADSCRITO Á UNIDADE DE SECRETARIA E SERVIZOS XERAIS, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE CURTIS DO ANO 2020 PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL E NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA

EXPEDIENTE: 2021/G003/000518

Exp. Orixe: 2021/E001/000005

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

Mediante resolución da alcaldía núm. 708/2020 do 18/12/2020 apróbbase a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal para o ano 2020 do Concello de Curtis (BOP nº 220 do 23/12/2020 e DOG nº 258 do 24/12/2020), na cal está incluída unha praza de administrativo adscrito á unidade de secretaría e servizos xerais.

Mediante resolución da alcaldía nº 166/2021 do 17/03/2021 (BOP nº 55 do 24/03/2021) apróbanse as bases xerais que regularán as convocatorias dos diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Curtis incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2020.

Mediante resolución da alcaldía núm. 217/2021 do 08/04/21 (BOP nº 72 do 20/04/2021; DOG nº 89 do 12/05/2021 e BOE nº 117 do 17/5/2021) apróbanse as bases específicas dos procesos selectivos incluídas na oferta de emprego de estabilización, concedendo un prazo de 20 días naturais a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, de conformidade co previsto na Base 5ª.6 das Bases Xerais.

Mediante resolución da alcaldía núm. 335/2021 do 08/06/21 (BOP nº 110 do 14/06/21), aprobouse a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos no proceso selectivo, concedendo un prazo de 10 días hábiles para emendar os defectos sinalados.

Don Rafael Pazos Otero (14/06/21 nº RE 0460), dona Sandra María Ares Campello (14/06/21 nº RE 0465), don Francisco López Barro (17/06/21 nº RE 0482), e dona Margarita Sanjurjo Sánchez (19/06/21 nº RE 0498) presentan a documentación requirida.

Mediante resolución da alcaldía núm. 439/2021 de data 08/07/21, aprobouse a listaxe definitiva de admitidos/as, nomeamento do tribunal cualificador, lugar e data de celebración das probas, sendo obxecto dunha corrección de erros aprobada mediante resolución da alcaldía núm. 449/2021 de data 09/07/21.

As probas tiveron lugar nas oficinas municipais sitas en Curtis o pasado 28/07/21 e 05/08/21, segundo consta nas actas do tribunal cualificador expedidas a tal efecto.

Unha vez finalizadas as probas, o tribunal cualificador propón o nomeamento de don Óscar López Figueroa, con DNI *512D coma funcionario de carreira coa categoría de administrativo adscrito á unidade de secretaría e servizos xerais, por ser o aspirante que superou o proceso selectivo, concedendo un prazo de 20 días naturais para a presentación da documentación requirida na Base

Décimo Quinta das bases xerais.

Con data 17/08/21 nº RE 1558, don Óscar López Figueroa presenta a documentación requirida para o seu nomeamento.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar os resultados definitivos do proceso de selección dun funcionario de carreira coa categoría de administrativo, adscrito á unidade de secretaría e servizos xerais.

Dni	Apelidos e Nome	Puntuación
*512D	López Figueroa, Óscar	85,00

SEGUNDO.- Nomear a don Óscar López Figueroa, con DNI *512D coma funcionario de carreira coa categoría de administrativo, adscrito á unidade de secretaría e servizos xerais e proceder a súa adscrición definitiva ao posto de traballo con código 01.01.00.02.

A toma de posesión terá lugar do prazo dun mes dende a publicación do presente nomeamento.

TERCEIRO.- Dar publicidade á presente resolución mediante anuncio no taboleiro de anuncios, taboleiro electrónico, páxina web (www.curtis.gal), así coma inxerir anuncio no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao interesado e ao departamento de persoal aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, a Secretaria-interventora

Rosa María Buján Ordóñez